

II MASTER GALEGO DE VETERÁN@S 2024- Hotel H4

HOMOLOGACIÓN F.G.T.: 9101 BOLAS: Head Tour

XUIZ ÁRBITRO: Jorge Glz. 373024-0

NORMAS DO TORNEO

1º > O Torneo rexerá polo regulamento da R.F.E.T. Categorías: Feminina +35, +45, +55 / Masculina +35, +45, +55, +65

2º > Participarán @s 6 mellores xogadores e xogadoras por ranking galego (dos inscritos no torneo) en cada unha das categorías, o Club organizador e a FGT poderán completar o cuadro de 8 participantes con un W.C. cada un. En caso contrario participarán @s 8 mellor clasificad@s dos inscritos. Un xogador so poderá anotarse en unha única categoría, salvo que queden cuadros sin completar priorizando a súa categoría por idade.

3º > A inscrición farase a través da páxina de [ibertenis](http://ibertenis.com); **enviarase o xustificante de pago o e-mail: escolacluteca@gmail.com ou o tlf do Xuíz Árbitro** unha vez se confirmen as listas de admitid@s e antes da realización do sorteo. Inscrición: 15€

Nº de conta para o ingreso: ABANCA: ES93 2080 5208 1630 4000 0744

Tras o peche de inscricións (11/11 as 14h) terase ata as 14h do día 13 para posibles reclamacións. Ás 18:30h do día 13 realizarase o sorteo da proba nas instalacións do Hotel H4, patrocinador do Torneo.

4º > Os partidos serán ó mellor de tres sets con supertiebreak en caso de chegar o 3º set.

5º > Aplicarase rigorosamente o W.O. a todo xogador se transcorridos 15 minutos da hora sinalada para o comezo do partido non se atopa na pista para comezalo.

6º > Quecerase un máximo de 5 minutos dentro da pista antes de cada partido (habilitarase unha pista para quecemento).

7º > Todo xogador@ terá que xogar máis de un partido o día en caso de pasar ronda (Cuartos e Semifinais).

8º > Todo xogador@ terá a obriga de informarse da hora e data dos partidos chamando ós tlf. da ORGANIZACIÓN ou vendo ditos horarios na web do club ou na web www.ibertenis.com.

9º > Os partidos disputaranse nas instalacións do CEIP de S.Roque, pistas duras (2 exteriores e 2 cubertas). En caso de choiva xogárase tamén no CEIP do Hio, 1 pista dura cuberta. No caso de ter que usarse dita instalación a ORGANIZACIÓN acompañará os xogadores a súa ubicación.

10º > As persoas inscrit@s no torneo autorizan ó Club de Tenis Cangas e a FGT a utilizala súa imaxe para completar a información do torneo.

11º > A ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de modificar o calendario ou calquera das presentes normas coa fin de contribuír á mellora da organización e desenvolvemento do Torneo en función das condicións metereolóxicas ou outros imprevistos.



DATAS RELEVANTES DO TORNEO:

Peche das inscricións ás 14:00h do 11 de Novembro (reclamacións ó listado de admitidos dende dita hora ata as 14:00h do día 13).

Sorteo dos cadros ás 18.30h do día 13 de Novembro .

- Venres 15: horario de xogo de 17h a 22h - Cuartos e semifinais Masculinos e Femininos (a determinar categorías).
- Sábado 16: horario de xogo de 09h a 22h - Cuartos e semifinais Masculinos e Femininos (a determinar categorías).
- Domingo 17: Finais a partir das 10h. Entrega de premios e clausura do torneo a partir das 13.30h no Hote I H4.

PREMIOS OUTORGADOS NO TORNEO: *Tofeos a campión e subcampión + posibles regalos de patrocinador.*

ALOXAMENTO OFICIAL DO TORNEO: Hotel H4 (xunto as pistas do CEIP de S.Roque).

Durante as datas do torneo os xogador@s e acompañantes interesados terán a posibilidade de aloxarse no Hotel H4 cun precio especial de 57€/noite con almuerzo en habitación dobre. Para acollese a oferta deben contactar no TLF. 986 123 009 facendo constar que son participantes no Master Galego de Veteran@s.



CATEGORÍAS:

-FEMININA

+35, +45, +55

-MASCULINA

+35, +45, +55, +65

**INSCRIPCIÓN ATA O 11/11 AS 14H
EN IBERTENIS.**

II MASTER GALEGO DE TENIS DE VETERÁN@S - H4 HOTEL

**DO 15 O 17 DE NOVEMBRO
CLUB TENIS CANGAS-CLUTECA
Nº Homolog.: 9101**

ORGANIZAN:



PATROCINA:

**H4
HOTEL**